

Cotián e transcendente

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [2003]). “Cotián e transcendente”. *Grial*: 159, 99-100. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1358>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2003). “Cotián e transcendente”. *Grial*: 159, 99-100.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

alusións á pintura, que inzan o apartado “Algúns figuradores” de *Patria do mar*.

Na década dos noventa, conforme medra a súa creación narrativa, minguo o seu alento poético. A súa última entrega, polo de agora, foi *Canta de cerca a morte* (1994), premio Martín Codax, con prólogo de Méndez Ferrín. Trátase dun libro de sonetos en tres partes, cunha elexía ao pai morto na primeira, un laio pola morte da moza Nahír na segunda e o conforto da vivencia do amor fronte á fugacidade da vida na última.

Vinte cadernos (Poemas 1969-2002) preséntasenos, pois, como unha oportunidade única de atesourar os versos dun autor imprescindible, dun poeta que principiou petando noutras portas máis que hoxe xa conta cunha estancia propia, e nada pequena, no edificio da poesía galega moderna ■ **Miro Villar**

Cotián e transcendente

DÁRSENAS DO OCASO


XAVIER SEOANE

Pen Clube de Galicia/Caixa Nova | 2002 |

162 páxinas

Xavier Seoane (A Coruña, 1954), Catedrático de Lingua e Literatura, animador cultural de múltiples batallas, ensaísta (crítico e estudioso da plástica galega actual) e autor (entre outros) de dous libros ben singulares e que os lectores non debemos esquecer: *Atravesar o espello* (2000), un convite á lectura e *O sol de Homero. Unha defensa da poesía* (2002).

Pero a outra faceta, e a que hoxe nós queremos traer a este espazo é a de Xavier Seoane poeta. Autor dunha ampla obra que vai desde a *Caluga do paxaro* (1979) ata *Dársenas do ocaso*, poemario co que gañou o I Premio de Poesía Caixa Nova, pratocinado por esta institución e auspiciado polo Pen Clube de Galicia.



No ano de 1999 recollía X. Seoane a súa obra poética baixo o título de *Don do horizonte* (1999). Coidamos que este libro, *Dársenas do ocaso*, é o comezo dunha nova andadura na súa traxectoria poética: a do autor maduro que se sabe dono dos rexistros interpretativos e que dispón dunha ampla experiencia vital e sabedoría libresca.

No poema “Gaivota na tarde”:
“Esa gaivota soa esvoazando no ocaso/ non sabe que tamén eu ando a procurar/ algo da luz alén das nubes brancas./ Cando desaparece/ máis aló de onde non pode alcanzala/ comprendo a realidade e o destino/ do que interroga a vida e indaga nas palabras” (p. 13) están as claves interpretativas — poética de Xavier Seoane— xa que xoga con dous planos: a realidade, o coloquialismo, o cotián; e o outro plano, espiritual, transcendente, máis alá da realidade inmediata que nos presenta nesa primeira descrición case plana. Mais isto é só un intelixente truco para atrapar o lector e levalo logo cara a un ámbito de máis calado e pretensións. Ademais, na parte final do texto mencionado: “Cando desaparece/ máis aló de onde os ollos non poden alcanzala/ comprendo a realidade e o destino/ do que interroga a vida e indaga nas

palabras”. Interrogar a vida e indagar nas palabras. Velaí a pretensión e obxectivo de Xavier Seoane neste libro. Trátase dun poemario de madurez, de vasta imaxinaria plástica e plurais rexistros. Nos seus versos achamos unha dupla percepción reflexiva: cara a fóra e cara a dentro. O poeta non pretende afondar, indagar, na propia identidade afastándose do contexto máis inmediato, mais o que procura é acceder a un coñecemento persoal botando man das paisaxes exteriores, a realidade externa que apprehende de forma absolutamente impresionista, pero sobre a que proxecta unha mirada de gran calado, unha mirada filosófica.

Dársenas do ocaso é un libro complexo na súa composición, xa que logo, difícil de resumir os seus contidos. Na súa estrutura externa ou deseño editorial está composto de tres libros ou seccións e, cada unha destas, compostas de subsección en número de sete a primeira sección, cinco a segunda e seis a terceira; amais dun poema globalizador de contidos, ao comezo, “Envío” e un “Epílogo. Pano” final, que, moi marcado polo pensamento oriental, amosa todo o entramado poético que se move entre a realidade e a ficción: “Abres os ollos.../ Todo é mentira, agás o soño.../ ... Cérralos./ E só hai horizonte” (p. 153).

O que si é verdadeiro é a verosimilitude que crea mercé á ficción das palabras que seguen e seguirán a falar do eu poemático, aínda que este nunca poida volver sobre os pasos da vivencia real.

Diciamos que tres seccións ou libros configuran a súa estrutura: no primeiro, o que dá título ao libro, “Dársenas do ocaso”, asistimos á captación (recreación) de luces e celaxes, a actividade do porto (en distintos momentos, estacións, días e horas), as paisaxes e luz cambiante da baía, os barcos que entran e saen (a vida), as lendas e os naufraxios...; mentres que no segundo, “Do sosego e do lar”, preséntanos uns poemas máis de interiores, poemas da vivencia recollida, ecos, voces da

memoria, voces interiores que volven e envolven todo cun profundo verniz de melancolía; trátase de percepcións que o poeta vai fixando con claridade no espello das palabras; o terceiro libro, “Da aventura e da viaxe”, recrea o poeta figuras históricas, bíblicas, lendarias, literatos (Rosalía de Castro, Curros Enríquez...). Non se trata de simples homenaxes mais de poemas nos que se ficionaliza a vivencia, e nos que os motivos actúan a modo de máscaras para mellor representar nos escenarios poéticos a paixón insaciabile e a vaguidade dun soño que ben gustaríamos de poder realizar, pero pola imposibilidade humana conténtase coa plasmación do ideal na levidade da palabra. Nos poemas finais volve o autor a un ton intimista e simbólico: a finitude e decadencia, as invernías, o xeo branco, os ideais que se perden..., constatando e asumindo a condición da caída, o ocaso que contamina semanticamente todos e cada un dos recantos do libro.

Dársenas do ocaso é un poemario construído con sabencia e detalle de ourive, con poemas moi variados en temas e solucións formais, poemas que se moven nun difícil equilibrio entre o cotián e o transcendente ■
Luciano Rodríguez

O reloxo por dentro

TEMPO E VINGANZA

ANXO A. REI BALLESTEROS

Galaxia | 2003 | 432 páxinas



Unha obra literaria, igual que un reloxo, pode ser simple maquinaria que advirte da hora —unha hora social, histórica incluso— para, unha vez advertidos, seguirmos coas nosas rotinas. Mais tamén hai reloxos literarios feitos de complexidades, fonduras e fermosuras que, paradoxalmente, nos obrigan a deternos ante eles, fannos esperar a ver como fabrican o tempo e déixannos por dentro a borbulla dun instante no que fomos eternos ou cuase, porque nun instante cabe a comprensión da vida toda. Pode que a hora que marcan un e outro reloxo, unha e outra obra (os temas, as situacións, o “estilo”), unha e outra lectura acaso, sexa a mesma, pero non o é o *tempo* en que se insire esa hora que marcan... esa é a cuestión.

A literatura, como xa viña pasando coa filosofía, é disciplina de coñecemento cada vez máis afastada do ben común e dos saberes colectivos, de resultas das reestruturacións educativas e das urxencias comerciais. Non falo dos libros, os que se mercan, se venden, se estudan e se amorean en andeis, sotos, almacéns. Falo da

literatura, isto é, da significación conxunta e transcendente que atravesada todos ou parte deses libros e alimenta, non reveste, a comprensión do tempo que nos toca vivir, que modifica, polo tanto, a nosa experiencia. Falo da literatura que non unicamente serve para ler (e esquecer) mais para falar e seguir falando e seguir construíndo aquilo que só constrúen as palabras: a cultura, a civilización.

Dada a escaseza, rara excepción constitúea o ensaio de Anxo A. Rei Ballesteros *Tempo e vinganza*, acadado polo premio Ramón Piñeiro, e que fala de todas estas cousas co pretexto, precisamente, de falar de literatura. Anxo Rei Ballesteros tíñanos afeitados, nos seus poucos títulos de abondosas páxinas, a unha narrativa disquisitiva onde cada aceno, cada palabra, cada actitude dos personaxes son expoñente e interpretación exhaustiva do entramado simbólico en que se move a nosa contemporaneidade. “Pareces Sherlock Holmes —dixéralle a rapaza mentres aproximaba a lapa do seu mecheiro para facer café”, é irónica mostra autopoética en *Loira*, novela publicada en 1992. E ben, na máis digna esteira deste anglófilo e inductivo estilo de investigación, o autor aborda agora un mito, mellor dito, unha lendaria tradición *modernamente* convertida en mito, xa que a súa mitificación fundaméntase no que ten de arquetípica expresión humana da modernidade: Hamlet.

Ao longo de trescentas páxinas, Ballesteros desvíase de toda información prototípica de manual ou de traballo académico e selecciona apenas os aspectos que na obra de Shakespeare teñen que ver coa transformación e encarnación da idea moderna de *tempo*, causa ou consecuencia, mais en todo caso eixo do vivir humano e elemento principalísimo na configuración dos usos e costumes sociais. A partir da proverbial dilación na execución da vinganza normalmente atribuída á tamén proverbial dúbida de Hamlet, Ballesteros vai tecendo non tanto unha explica-